

Nome:.....

DNI:.....

Enderezo:.....

EXPOÑO:

Que logo de consultar o documento de aprobación inicial de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña (endiante PXOM) e non estando conforme con distintos aspectos do mesmo, mediante o presente escrito opoño á súa formulación actual en base ao seguinte.

ALEGO:

Que o proceso de participación e consenso cidadá, tan necesario na elaboración e desenvolvemento do PXOM, non foi realista nen efectivo.

Creo que as asociacións veciñais, os centros culturais e sociais, todos os colectivos de base así como a cidadanía en xeral, teñen moito que dicir e aportar na construción e desenvolvemento da cidade, pola contra, todos estes axentes non foron escoitados e non tiveron oportunidade de opinar neste PXOM, ideado e desenvolvido exclusivamente polo seu redactor (o Arquitecto Joan Busquets) co tutoramento do Concello.

Estamos a falar dun PXOM que foi difundido e estivo ao alcance da cidadanía, mais iso non o converte en participativo; o Concello non creou en todo este período de máis de dous anos, ningunha canle posible para o debate.

Estas carencias que expoño, están a ter un reflexo na cidadanía, evidenciándose con manifestacións como a alarma social xerada por certas iniciativas (non debatidas nen informadas) plantexadas polo Plan así como polo descoñecemento xeral por parte da cidadanía das pretensións do documento.

Por isto manifesto un firme desacordo con esta PXOM, pero ofrezco a miña disposición de traballar nesa dirección, a do diálogo entre o concello da Coruña e as diversos espazos activos da sociedade civil da cidade.

En consecuencia:

Solicito que se abra un proceso de revisión do PXOM no que se creen as canles para un debate real sobre o modelo de cidade que precisa a cidadanía da Coruña.

En primeiro lugar como esixencia democrática e, en segundo, como factor de calidade do Plan, para que poda satisfacer mellor ás necesidades da poboación e aproveitar as súas potencialidades.

Nese sentido, emprazo ao Concello a crear espazos de traballo co equipo redactor do Plan e o grupo Municipal, nas que os colectivos e a cidadanía, podan expor as súas posicións e chegar a acordos concretos sobre os contidos do Plan.

En A Coruña a 08 de Febreiro de 2010

Sinatura: